

Situación das mulleres en diferentes momentos temporais

(Traballo de investigación)



Autoras/es:

Paula Álvarez López
Carla Díaz Rodríguez
Alejandro Fernández Brea
Cati Fernández Pardo
Iván Vila Carrete

IES Gregorio Fernández- Sarria (Lugo)

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	3
2.1. Obxectivo principal.....	3
2.2. Obxectivos específicos	3
3. Descrición da recollida de datos	4
4. Análise estatística e interpretación dos resultados	5
5. Conclusións, posibles melloras e extensión do traballo	13

1. Introducción

O feminismo nos últimos anos logrou unha gran evolución positiva, aínda que en Galicia e noutros países as mulleres sempre tiveron un papel inferior ao dos homes. Onde isto é máis notable é no ámbito do traballo e da educación. Polo que non é doado superar esta antiga mentalidade onde a muller se encontra nunha constante discriminación.

Neste traballo, polo tanto, queremos facer unha pequena análise dos datos que reflicten a situación das mulleres dúas xeracións atrás, onde nalgúns casos segue primando a discriminación e falta de información de dito movemento.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivo principal

A nosa análise ten como obxectivo primordial coñecer cal é realmente o avance que se produciu na sociedade con respecto ao papel desempeñado polas mulleres, xunto coa actitude que teñen os homes cos que conviven.

Por medio desta enquisa tamén conseguimos saber cla é a opinión delas fronte as condicións nas que tiveron que vivir no pasado (dende a súa visión no presente).

Ademais, trataremos de dar resposta a algunhas preguntas que nos facemos na actualidade moi a miúdo: É realmente certo que o papel da muller avanzou considerablemente con respecto a épocas pasadas? Quédanos moito para chegar a igualdade entre ambos xéneros? Estase a producir hoxe en día un progresivo retroceso? Eran estas mulleres conscientes da desigualdade que existía?...

2.2. Obxectivos específicos

Interesámonos así, para poder conseguir o noso obxectivo principal, fundamentalmente en factores como á localización xeográfica, á idade, aspectos de desigualdade en educación, condicións laborais, á participación dos conviventes nas tarefas do fogar ou no coidado dos fillos...

Así mesmo tamén prestamos atención ás distintas situación nas que se pode atopar unha muller, tales como o estado civil, o nivel de estudos...

E por último, fixemos unha serie de preguntas en relación co coñecemento das mulleres acerca do feminismo.

3. Descrición da recollida de datos

A recollida de datos tivo unha duración de varias semanas, coincidindo coa das vacacións do nadal, pois foi o período de tempo que se deixou para que puideran contestala.

Para levar a cabo este estudo realizouse unha enquisa, que se entregou ás familias dos alumnos, para que a cubrisen as súas avoas. Tras recibir as respostas, despois dun período do tempo recibímolos para poñernos a traballar sobre elas.

En total enviáronse aproximadamente uns 150 formularios, pero tan só recibimos 64 contestados. A partir dos cales puidemos coñecer tódolos aspectos principais da vida destas mulleres no pasado.

Estamos a falar sempre de datos da vida delas no pasado, posto que as preguntas foron en todos os casos referidas a situación que viviron de novas. O noso grupo obxecto de estudo está formado por persoas nadas entre os anos 1930-1980, aínda que houbo especial fincapé en que se preguntase a mulleres maiores de 60 anos.


A continuación puidemos pasar todos as respostas que recibimos a un formulario de Google, de onde puidemos obter os datos organizados nunha folla de cálculo. A partir disto comezamos a elaborar gráficas cos aspectos de maior interese para a nosa investigación.

Finalmente decidimos comparar algúns destes datos coa actualidade e para isto utilizamos os datos do IGE (Instituto Galego de Estadística).

4. Análise estatística e interpretación dos resultados


4.1. Idade das participantes

A través da observación das presentes gráficas, vemos que entre as enquisadas, a maior participación por idade sitúase entre os 70 e 75 anos, seguida das idades comprendidas no intervalo de 75 a 80 anos. Pola contra, a menor participación por idade atópase nos intervalos de 30 a 45 e de 45 a 50, ambos teñen practicamente os mesmos valores, a estes ségueos o intervalo de 50 a 55 anos. Polo tanto, concluímos que a maior participación se atopa nas mulleres máis maiores.




4.2. Localidade

Como podemos observar nestas gráficas, a maioría das persoas viven en Galicia, agás 1 que viviu na Arxentina. Ademais, practicamente na súa totalidade pertencen ao rural, aínda que tamén destacamos a presenza de persoas que residen en zonas máis urbanizadas como pode ser A Coruña, polo tanto os datos obtidos estarán orientados principalmente cara a vida no rural.





4.3. Estado civil

Seguindo coa análise dos resultados, en canto ao estado civil das mulleres galegas, podemos observar, que na gráfica a porcentaxe máis grande é a atribuída as mulleres casadas, sendo dito valor do 64,1%. Vemos que a porcentaxe de mulleres viúvas é minoritaria cun valor do 21,9%. Por último podemos destacar o baixo valor atribuído as mulleres divorciadas, dito valor é do 1,6%.




4.4. Nivel de estudos

En terceiro lugar analizaremos o nivel de estudos cos que se contaba nesta época, que en moitas ocasións eran primarios xa que non había oportunidade de realizar outros. No ano 2021 os estudos superiores en mulleres son os que maior número de frecuencia acadan, en contraste coa gráfica do lado dereito, a cal recolle os datos entre os anos 1932 e 1992, nesta os estudos superiores só suman un 4.7%. Por outro lado, os estudos primarios diminúen notablemente, entre 1932 e 1992 conformaban un 78,1% e no 2021 descenden moito. Atendendo a educación secundaria, os seus valores mantéñense máis ou menos iguais.



4.5. Idade coa que casaron

A continuación, fixándonos na idade coa que casaron as mulleres, vemos que na súa gran maioría están entre os 20 e 25 anos e o seguinte intervalo de idades que maior frecuencia ten é o de 15 a 20 anos. Innda que non atopamos datos máis recentes no IGE sobre a idade a que as mulleres galegas contraeron matrimonio, podemos comentar que na actualidade, dito acto está sendo atrasado en canto a idade, situándose a media de idade dos casamentos arredor dos 25 a 35 ou incluso 40 anos. Isto pódese deber a un cambio de prioridades para as mulleres onde xa non é imprescindible para elas casarse e ter fillos, como sucedía fai anos.



4.6. Idade á que tiveron o seu primeiro fillo

Outro aspecto que está a mudar é a idade á cal as mulleres teñen o seu primeiro fillo. Tal e como podemos observar nas dúas gráficas anteriores, a idade media con respecto a este factor estase a atrasar aproximadamente 10 anos, é dicir, entre os anos 1930-1980 a maioría das mulleres tiñan os primeiros fillos entre os 20-24 mentres que actualmente entre os 30-34 ou incluso entre os 35-39 (algo moi pouco frecuente dúas xeracións anteriores).


Desta maneira, os datos recollidos nas últimas tres gráficas, déixannos ver que na actualidade existe unha preferencia por atrasar todos os acontecementos familiares (vodas, embarazos,...) ; en total oposición co que ocorría nos tempos nos que viviron as nosas persoas obxecto de estudo.

É posible que este cambio se estea producindo porque mudaron as preferencias dos mozos e mozas, é dicir, agora prímase aspectos como os estudos (cada vez un pouco máis accesibles), a diversión, o ocio,... mentres que no pasado era impensable, as oportunidades eran moito máis limitadas

ANOS COS QUE TIVO O PRIMEIRO FILLO



ANOS COS QUE TIVO O PRIMEIRO FILLO




4.7. Salario

Como podemos deducir da presente gráfica, unha das maiores porcións é a que representa as mulleres con salario mínimo, cuxo valor é do 36,4%; a seguinte máis grande é a que amosa as non asalariadas, cun 16,4%, e por último, un 1,8% recíbena as mulleres mileuristas, que naquela época eran moi poucas.


Cabe mencionar que os datos obtidos para elaborar a gráfica tiveron que ser pasados todos a euros, xa que algúns deles foron dados en pesetas ou incluso en pesos arxentinos.

Salario



En relación co que acabamos de comentar, podemos ver nas seguintes gráficas como pese a que o salario en épocas pasadas era ínfimo, a maioría das mulleres considerábano xusto e estaban satisfeitas co que cobraban. Mentres que na actualidade aínda que este aumentou considerablemente, as mulleres atópanse máis descontentas no aspecto económico.

ESTÁ SATISFEITA CO SEU SALARIO?



ESTÁ SATISFEITA CO SEU SALARIO?




Aínda que, por medio desta gráfica podemos ver como na súa maioría si que eran conscientes desa diferenza de salarios entre mulleres e homes.




4.8. Xornada laboral

Vemos como a xornada laboral das mulleres era moi longa e poucas gozaban de xornadas de menos de 8h.



- Ámbito laboral

Como vemos na gráfica, nos últimos 12 meses do ano 2006 os datos reflicten que as mulleres din non sufrir ningún tipo de discriminación. Se comparamos a presente gráfica coa de *Existía igualdade de condicións de traballo*, podemos observar que a resposta é que non había discriminación por sexo nin nas mulleres de entre 1932 e 1992 nin nas dos últimos doce meses do ano 2006 (datos proporcionados polo ige).




- Ámbito familiar


Seguindo dentro do ámbito da discriminación por sexos, na cal se ve maiormente afectada a muller, na enquisa había tres preguntas as cales facían referencia a se o seu marido, fillos e fillas, axudaban nos labores da casa, facendo esa distinción de sexo.

Os datos amosan que os maridos son os que menos participan xunto cos fillos varóns, e as fillas mulleres as que máis participan. Para as mulleres da época, era habitual que os homes non axudaran coas tarefas do fogar. Para a sociedade daquel tempo iso era cousa só de mulleres, os homes traballaban no campo, co gando, ían as feiras e adicábanse aos negocios. Pero non podemos esquecer que as mulleres facían o traballo da casa e máis ían o campo a sacha, segar... e atendían o gando, ademais de facerse cargo dos fillos e das persoas maiores. Esta división do traballo por sexo é o normalmente establecida para moitas persoas, pero non deixa de ser unha discriminación cara a muller xa que nesas condicións realizaría moito máis traballo ca un home, e na maior parte das veces non remunerado como xa comentamos anteriormente, polo que estas dependían dun home para ter diñeiro, quedando así sen a súa liberdade económica e polo tanto, sen nada.


O seu marido participaba nas labores da casa?



O seus fillos participan nas labores da casa?




As súas fillas participan nas labores da casa?



4.9. Feminismo


A palabra feminismo, é definida pola RAG (Real Academia Galega) como *Doutrina que defende a igualdade de dereitos entre o home e a muller*. Entre as mulleres enquisadas para levar a cabo o presente traballo, algunhas saben o que é o feminismo, outras non, e outras mesmo pensan

que é a superposición da muller fronte o home. Isto é así por unha evidente falta de información, por este motivo, moitas delas non se consideran feministas; na maior parte dos casos porque non saben o que é ou porque teñen unha definición errónea do termo. Inda así, os datos das nosas enquisas, amosan que hai unha maior porcentaxe de mulleres que se consideran feministas que as que non o fan, pero as que non existe unha diferenza pronunciada coas que non se consideran feministas.




Inda que a maior parte das mulleres enquisadas si se consideren feministas, hai moi poucas que coñezan a figuras destacadas do feminismo. A gráfica amosa que só un 21,5% podería dicir o nome dunha muller feminista, un 13,8% non podería e o 64,6% restante non responde. Sendo deste xeito o 78,4% as mulleres que descoñecen o nome dalgunha muller feminista.

Podería dicir o nome dalgunha muller feminista?



Das mulleres que responderon anteriormente que se poderían dicir o nome dunha muller feminista, só achegaron o nome dalgunha un 4,6%.

Achega o nome dunha muller feminista



Algunhas das mulleres feministas citadas son:

- Xela Arias
- Clara Campoamor
- Frida Kahlo

Xa para rematar co ámbito do feminismo, destacar que só un 18,5% coñecen algunha asociación feminista.



A asociación feminista que máis se citou na enquisa é a seguinte:

- Mulleres de raíz: Asociación feminista de Sarria.

5. Conclusións, posibles melloras e extensión do traballo

5.1. Conclusión

Antes de comezar a análise, nós esperabamos unha maior concienciación das mulleres en canto a situación que viviron, é dicir, supoñiamos que nos confirmarían que realmente viviron en peores condicións que os homes. E por outra banda tamén contabamos cunha evolución moito máis significativa durante todos estes anos de diferenza entre as mulleres da xeración da nosa enquisa e as de dúas xeración posteriores. Á vista dos datos obtidos nas enquisas podemos sacar como conclusión a existencia de desigualdade e discriminación cara a muller en moitos casos, tanto no salario como na vida laboral e familiar. Aínda tendo un papel fundamental na sociedade e en moitos casos sendo imprescindible a figura dunha muller (era quen se encargaba case sempre das tarefas do fogar, atención dos nenos e maiores, etc.) non estaba igualmente valorada que o home.

Despois de analizar todos estes datos, podemos concluír, que co paso do tempo a situación respecto a muller avanzou en todos os aspectos. En canto ao nivel de estudos, adquiriron máis títulos académicos e non só o de estudos primarios, xa que as que unicamente posúen este último son unha minoría.

Observase tamén, un claro aumento da idade de maternidade segundo avanza o tempo (anos), pode relacionarse co aumento da media da idade de contraer matrimonio pero non sería de todo certo. Co que se está relacionado directamente é co aumento de idade a que se acada un traballo e uns ingresos estables, en resumo, condicións adecuadas para ter un fillo.

Esta discriminación non é captada directamente polas mulleres xa que pensan que non a sofren. En cambio a hora de responder canto cobraban ou ver as tarefas que realizaban podemos observar como si existe discriminación. Xa que os seus salarios son totalmente inxustos en comparación coas horas de traballo. Algo que non ocorre actualmente, posto que a maioría de persoas, tanto mulleres coma homes, dispoñen de xornadas laborais de 8h e de salarios relativamente axustados. Ademais, existía unha desigualdade fronte aos homes en canto ao salario.

Entre as mulleres enquisadas, algunhas saben o que é o feminismo, outras non e outras mesmo pensan que é a superposición da muller fronte ao home. Isto é así por unha evidente falta de información, por este motivo, non se consideran feministas porque na maior parte dos casos hai un descoñecemento do que representa o feminismo.

Na actualidade, esta situación mellorou moito pero aínda temos moito que avanzar para conseguir unha sociedade igualitaria, e para iso, deberíamos de colaborar e apoiarnos todos, tanto mulleres coma homes, para rematar con esta situación e chegar así, ao punto no que todas as mulleres saiban o que é feminismo e coñezan persoas que loitan por el, xa que se trata dunha situación de moito interese para a muller.

Tamén, unha idea interesante sería dar máis visibilidade a esta situación a través dos medios de comunicación, que non só sexan redes sociais senón na televisión ou na radio, para que así as persoas maiores, que a maioría non contan con estas tecnoloxías, poidan tamén coñecer a situación a través dun medio máis utilizado por estas.

5.2. Posibles melloras

Para que estes datos contén cunha maior fiabilidade, deberíamos buscar outra forma de achegamento do formulario, unha forma máis directa con estas persoas maiores.

Sería tamén interesante comparar os nosos datos cos doutras zonas de distintas condicións. Por exemplo, nunha zona urbana ao mellor van ter outra visión desta situación.

Ademais, tamén nos gustaría recibir formularios respondidos por homes, para coñecer a súa opinión a cerca da situación discriminatoria que viviron moitas mulleres e que aínda estamos a vivir actualmente.